

2. Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):


a) Localice cinco sistemas montañosos con temperaturas medias inferiores a 7,5°C. (1 punto)

b) Comente el documento atendiendo a las siguientes cuestiones:

-Identifique el documento y relacione las áreas con las mismas temperaturas con las zonas geográficas a las que correspondan (1 punto).

-Explique los factores geográficos y termodinámicos que condicionan las áreas con temperaturas superiores a 15°C (1 punto).

-Relacione las áreas de temperaturas inferiores a 15°C con los dominios climáticos a los que corresponden (1 punto).



2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice cinco sistemas montañosos con temperaturas medias inferiores a 7,5°C (1 punto).

Pireneos, Sistema Central, Sistema Ibérico, Cordilleira Cantábrica, Montes de León, Serras SO de Galicia.

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

● Identifique o documento e relacione as áreas coas mesmas temperaturas coas zonas xeográficas ás que correspondan. (1 punto)

Trátase dun mapa temático, corocromático, con isoliñas (isotermas) que representan a temperatura media anual das distintas áreas de España (Península, Baleares e Canarias).

Na lenda, as cores azuis reflicten as zonas máis frías (áreas montañosas do centro e norte peninsular, Submeseta Norte e cumios máis elevados dos sistemas montañosos meridionais).

As cores mareas e salmón (de 12,5°C a 17,5°C) correspóndense coa Submeseta Sur, depresión do Ebro, áreas litorais do Cantábrico e Galicia, ademais dos vales interiores de Galicia e Dorsal Meridiana, arquipélago balear e áreas montañosas de Canarias).

As cores vermellas, con temperaturas máis elevadas, correspóndense coas áreas de dominio mediterráneo levantino e andaluz, depresión do Guadalquivir e litorais das illas Canarias.

Explique os factores xeográficos e termodinámicos que condicionan as áreas con temperaturas superiores a 15oC (1 punto).

Canto aos factores xeográficos:

España localízase en latitudes medias. Pero a latitude máis meridional (incluso subtropical no caso canario) das áreas litorais levantinas e andaluzas contribúe ao incremento da temperatura media.

A altitude dos espazos sinalados correspóndese esencialmente con áreas deprimidas ou litorais, que están por debaixo dos 200 metros sobre o nivel do mar. En Canarias, a pesar das maiores altitudes, a súa posición latitudinal xustifica o valor medio máis elevado das temperaturas anuais.

A proximidade ao mar. Nas costas mediterráneas o inverno é suave e o verán, caloroso, pois este mar, pechado e bordeado por relevos montañosos, actúa como un almacén de calor e non pode amortecer moito as elevadas temperaturas estivais. Polo tanto, a amplitude térmica das súas costas é moderada.

No referente aos factores termodinámicos:

Na área mediterránea prodúcese un predominio do anticiclón das Azores durante boa parte dos equinoccios e solsticio de verán. A penetración de vagas de aire frío é menor ca nas áreas setentrionais da península. Por contra, a influencia sahariana, moi acentuada no verán, produce unha elevación das temperaturas medias.

As illas Canarias constitúen un dominio climático orixinal debido á súa situación no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical e preto das costas africanas, o que fai que se entrecrucen influencias variadas. Dominan as altas presións tropicais (anticiclón das Azores) e o vento alisio do nordeste, que dá lugar a temperaturas cálidas todo o ano nas zonas baixas, xa que ningún mes baixa de 17 oC, polo que a amplitude térmica é pequena (inferior a 8o C).

● Relacione as áreas de temperaturas inferiores a 15oC cos dominios climáticos aos que corresponden (1 punto).

A área de 12,5oC a 15oC correspóndese cos dominios climáticos do mediterráneo continentalizado da Submeseta Sur e a depresión do Ebro; o suboceánico (oceánico de transición ou oceánico de influencia mediterránea) dos vales interiores de Galicia e o oceánico do litoral cantábrico.

A área de 10oC a 12,5oC correspóndese, esencialmente, co dominio mediterráneo continentalizado (ou de interior) da Submeseta Norte e montañas medias. A área de 7,5oC a 10oC correspóndese co dominio de montaña peninsular.

A área de menos de 7,5oC de media correspóndese co dominio de alta montaña peninsular.